



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Programación de proba libre de módulos profesionais

Módulo: Técnicas de Axuda Odontolóxica e Estomatolóxica

Profesor/a:

- **Cristina Cotelo Romar**
- **Teresa Lomba Lorenzo**
- **Azucena Rodríguez Riveros**
- **Maria Dorinda Teijeiro González**

Curso: 2025 - 2026

CIFP LEIXA

Índice

1.	Identificación da programación.....	3
1.1.	Centro educativo.....	3
1.2.	Ciclo formativo	3
1.3.	Módulo profesional.....	3
1.4.	Profesorado responsable.....	3
2.	Capacidades terminais e contidos	4
2.1.	Primera parte da proba	4
2.1.1.	Capacidades terminais do currículo que se tratan	4
2.1.2.	Contidos que se avaliarán para a verificación da consecución das capacidades terminais por parte do alumnado	4
2.2.	Segunda parte da proba	5
2.2.1.	Capacidades terminais do currículo que se tratan	5
2.2.2.	Contidos que se avaliarán para a verificación da consecución das capacidades terminais por parte do alumnado	6
3.	Mínimos exhibibles para alcanzar a avalización positiva e criterios de cualificación	7
4.	Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento	8
4.a)	Primeira parte da proba.....	8
4.b)	Segunda parte da proba	9



1 Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP LEIXA	FERROL	2025-2026

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	SANIDADE	CM19001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA	MEDIO	PROBA LIBRE

1.3 Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas anuais
CM0311	TÉCNICAS DE AXUDA ODONTOLÓXICA E ESTOMATOLÓXICA	130

1.4 Profesorado responsable

Profesores asignados ao módulo	
	Cristina Cotelo Romar, Teresa Lomba Lorenzo e Azucena Rodríguez Riveros, María Dorinda Teijeiro González



2 Capacidades terminais e contidos

2.1. PRIMEIRA PARTE DA PROBA

2.1.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan

Capacidades terminais do currículo

- Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.
- Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.
- Describir e manexar adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.
- Identificar o instrumental dental e realiza-la súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.
- Executar as técnicas de prestación de apoio ó facultativo durante a actuación bucodental segundo as instrucións recibidas.
- Valorar as necesidades de cuidados físicos e psicolóxicos e seleccionar a técnica de apoio máis adecuada segundo o tipo de paciente.
- Clasificar os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describir o protocolo a seguir en situacións de urxencia.
- Preparar o material e colocar o paciente para realizar a técnica radiográfica segundo o tipo de exploración.
- Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.

2.1.2. Contidos que se avaliarán para a verificación da consecución das capacidades terminais por parte do alumnado

Contidos do currículo

- Materiais dentais.
- Tipos de materiais: escaiolas, de impresión, de obturación e outros. Características e principios fundamentais de utilización.
- Equipo e instrumentos de uso en consultas dentais.
- Equipo dental: elementos constituíntes e a súa indicación. Principios de funcionamento, conservación e mantemento.



- Instrumental de man rotatorio: clasificación e indicacións. Principios de utilización e mantemento.
- Procedementos de instrumentación e axuda en intervencións dentais.
- Principios anatomo–fisiolóxicos do sistema estomatognático. Documentación clínica: ficha dental e historia clínica.
- Terminoloxía básica bucodental e sistemas de nomenclatura.
- Anestesia dental. Misión e calidades dos anestésicos. Anestesia tópica e infiltrativa. Complicacións e fracaso da anestesia. Protocolo de actuación ante unha urxencia.
- Posoperatorio. Signos e síntomas. Posibles complicacións e medidas preventivas.
- Radiografías dentais.
- Principios básicos radiográficos. Películas radiográficas: propiedades e tipos.
- Tipos de radiografías dentais: intrabucais, extrabucais e especiais.
- Efectos das radiacións ionizantes sobre o organismo. Normas de protección radiolóxica. Elementos de radioprotección.
- Importancia do apoio psicolóxico ante a ansiedade do paciente.

2.2. SEGUNDA PARTE DA PROBA

2.2.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan

Capacidades terminais do currículo

- Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.
- Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.
- Describir e manexar adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.
- Identificar o instrumental dental e realizar a súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.
- Executar as técnicas de prestación de apoio ó facultativo durante a actuación bucodental segundo as instrucións recibidas.



- Valorar as necesidades de cuidados físicos e psicolóxicos e seleccionar a técnica de apoio máis adecuada segundo o tipo de paciente.
- Clasificar os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describir o protocolo a seguir en situacións de urxencia.
- Preparar o material e colocar o paciente para realizar a técnica radiográfica segundo o tipo de exploración.
- Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.
- Responsabilidade en tódolos aspectos relacionados coa información ó paciente/cliente

2.2.2. Contidos que se avaliarán para a verificación da consecución das capacidades terminais por parte do alumnado

Contidos do currículo

- Materiais dentarios.
- Responsabilidade na correcta manipulación dos materiais dentais.
- Preparación de escaiolas: baldeirado e fraguado.
- Preparación de materiais de impresión: mesturado e espatulado.
- Valoración do material e hábito de aproveitamento.
- Preparación de materiais de obturación.
- Utilización doutros tipos de materiais dentais: cementos, vernices protectores, adhesivos dentinarios e outros.
- Equipo e instrumentos de uso en consultas dentais.
- Manexo dos elementos do equipo dental. Mantemento. Limpeza e desinfección.
- Preparación, limpeza, desinfección e esterilización do instrumental de man e rotatorio.
- Rigor na aplicación das técnicas de desinfección e esterilización do instrumental dental.
- Hábito de conservación do equipo e instrumental dental e correcto aproveitamento dos recursos.
- Procedementos de instrumentación e axuda en intervencións dentais.
- Acondicionamento da butaca e acomodación do paciente.
- Procedementos de instrumentación e axuda nas diferentes técnicas de intervención.
- Ergonomía na clínica dental.



- Técnicas de traballo en equipo.
- Actitude positiva e responsable cara ó traballo en equipo.
- Preparación e dispensación do material necesario para o illamento do campo operatorio. Técnicas de aspiración.
- Manobras de iluminación do campo operatorio: tipos, ángulos, distancias e intensidade.
- Preparación de anestésicos.
- Utilización de técnicas de apoio psicolóxico reductoras de ansiedade.
- Radiografías dentais.
- Selección e preparación do material para a realización de técnicas radiográficas: intrabucais, extrabucais e especiais. Colocación do tubo. Posicionamento do paciente/cliente. Utilización dos elementos de radioprotección.
- Rigor na aplicación das normas de protección radiolóxica.
- Revelado, fixado e selado de películas radiográficas. Conservación e arquivo de radiografías

3 Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles:

Serán mínimos exixibles todos os contidos referidos anteriormente para cada parte da proba.

Criterios de cualificación:

Segundo o indicado na Orde do 5 de abril de 2013, a proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

2.1. Primeira parte da proba:

Esta primeira parte versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos terminais establecidas na programación . Será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais, sendo necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Terá carácter eliminatorio de tal xeito que as persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

2.2. Segunda parte da proba:



A segunda parte consistirá en varios supostos prácticos de Técnicas de Axuda Odontolóxica e Estomatolóxica, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos contidos terminais establecidas na programación para esta parte. O/A profesor/a calificará esta segunda parte de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais, e será necesario sacar un mínimo de 5 en cada suposto práctico para superar a mesma. No caso de sacar un mínimo de 5 puntos en cada suposto práctico, a nota final desta segunda proba será a media aritmética dos supostos prácticos.

A cualificación final :

A cualificación final deste módulo obterase da media aritmética da cualificación acadada en cada unha das partes (primeira parte da proba e segunda parte da proba), expresadas con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera proba ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4 Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Características da proba:

- Consistirá nunha proba escrita tipo test de resposta única e/ou de verdadeiro ou falso e/ou de completar e relacionar e/ou preguntas de extensión variable.
- Cada resposta test incorrecta descontará unha puntuación a especificar nas instrucións da proba escrita.
- As preguntas non respostadas non restarán.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro indelebles.
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo.



Duración da proba:

- A duración desta primeira parte será como máximo 120 minutos.

Normas:

- Non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil encendido nin reloxos intelixentes, así como calquer dispositivo que permita a gravación, reprodución, transmisión ou recepción de datos, imaxes ou sons.
- O cabelo debe estar recollido deixando visible os pabellóns auditivos.
- As preguntas catalogadas como reserva serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións.
- Na planilla de respostas do test, deberase marcar cunha X a resposta correcta. No caso de erro, cubrirase toda a casilla e marcarase de novo cunha cruz a que se considere correcta. Débese ter en conta que soamente se valoraran as contestacións feitas en dita planilla. Calquera anotación nas follas de preguntas non se terá en conta nin a favor nin en contra na cualificación da proba.
- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comenzada a proba.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.
- Non se permite o uso de correctores tipo tipex.
- Poderase entrar cunha botella de auga, sempre e cando non veña con etiqueta.

4.b) Segunda parte da proba

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo ou cores azul, negro, verde e vermello.
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo.
- Si se dispón de casaca ou bata de ámbito hospitalario poderá traerse, no caso de que non se dispoña dela, se lle aportara ao aspirante unha bata desbotable, que deberá conservar para os diferentes módulos que teñan contido práctico aos que se presente.
- Calquer material adicional que faga falla para o desenvolvemento da proba será aportada polo cento educativo.
- Os aspirantes deberán presentarse a esta segunda parte da proba co cabelo recollido, sen maquillaxe, cas unllas cortas e sen pintar e libre de xoias (aneis, pulseiras, reloxos, pendentes largos, etc).

Duración da proba:

- A duración da proba práctica será como máximo 120 minutos.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL